

1. NOVA BASE DE DATOS DE XURISPRUDENCIA E FORMULARIOS NA WEB DO COLEXIO: VLEX PREMIUM

O Colexio de Avogados, no seu compromiso de seguir ofrecendo novos servizos aos colexiados e colexiadas, contratou coa editora xurídica vLex a base de datos **vLex Premium**, con máis de 6,5 millóns de documentos a texto completo e máis de 50 editoriais/partners colaboradoras.

Esta plataforma tecnolóxica é agora mesmo unha das ferramentas de consulta máis completa dentro do seu ámbito e xa está dispoñible de forma gratuíta para todos os colexiados na sección privada “Bases de datos” da páxina web icasantiago.org.

A base datos ofrece os seguintes **contidos**:

- Xurisprudencia: máis de 3 millóns de sentenzas, incluídas todas as do Tribunal Supremo, Tribunal Constitucional, Audiencia Nacional, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e audiencias provinciais de Galicia, así como unha ampla selección do resto de audiencias de toda España.
- Formularios e esquemas: conta con máis 2.300 formularios e 140 esquemas procesuais con interrelación a lexislación, formularios e temas prácticos procesuais.
- Lexislación e normativa: máis de 2.7 millóns de normas (inclúe o DOG completo)
- Doutrina e bibliografía: máis de 15.000 artigos doutriniais e revistas de todas as editoriais xurídicas.
- Doutrina administrativa: máis de 150.000 resolucións, de DXRN, DXT, TEAC, Tribunal de Contas, Consello de Estado, Fiscalía Xeral do Estado, CNMV etc.
- Tradutor xurídico: permite traducir calquera documento dende o castelán aos seguintes idiomas: galego, catalán, inglés, francés, alemán, portugués, ruso, italiano, sueco, árabe, chinés e holandés (cunha marxe de erro inferior ao 10 %).
- Multidispositivo e multiplataforma: permite acceder á información desde calquera dispositivo (tablet, portátil, móbil...) e a través de calquera plataforma (Android, Apple, Windows...) de maneira precisa e clara.
- Buscador intelixente: a través da aplicación Google Xurídico
- Personalización: permite que cada usuario cree e personalice a base de datos, creando carpetas, gardando buscas, engadindo notas ou marcas aos documentos, creando eventos etc.
- Asistente intelixente Vicent: ao cargar un documento Vicent analizará o contido para filtrar os seus temas principais e citas legais e xerará unha lista de resultados relevantes.
- vLex Analytics: ofrece información estatística para a preparación de asuntos xurídicos. (Só accesible dende os equipos do Colexio, na biblioteca da sede principal ou na oficina das Fontiñas)
- vLex Eunomia: asistente virtual que permite xestionar e planificar procedementos xurídicos dunha maneira práctica, organizada e sen complicacións. (Só accesible dende os equipos do Colexio, na biblioteca da sede principal ou na oficina das Fontiñas)

Acceso e manexo de vLex Premium

A base de datos está dispoñible na zona privada da páxina web do Colexio, dentro da sección “Bases de datos e biblioteca online”. Polo tanto, os colexiados deberán validar o seu usuario na web para acceder a esta sección (introducindo o número de colexiado e o DNI sen puntos nin letra).

No primeiro acceso á base de datos, despregarase unha ventá por se se desexa crear e personalizar a carpeta de usuario (poderase elixir a opción de crear máis tarde). Unha vez dentro da base de datos, aparecerá no menú da esquerda a opción do buscador “Búsqueda avanzada” (Google Xurídico) a partir do que se poderán atopar todos os contidos dispoñibles (xurisprudencia, formularios, doutrina etc.).

Achégase un manual de usuario da base de datos (PDF).

2. CREACIÓN DE NOVAS CONTAS DE CORREO ICA SANTIAGO: FORMULARIO DE SOLICITUDE

Xa está dispoñible na páxina web do Colexio o formulario para solicitar a creación de contas de correo electrónico do Colexio de Avogados (@icasantiago.org, aloxadas no servidor do Consello Xeral da Avogacía Española) para aqueles colexiados que aínda non dispoñan delas.

Vantaxes e características do novo servizo de correo electrónico

Privacidade e seguridade nas comunicacións:

- Seguridade xurídica: garantía de cumprimento da LOPD
- Seguridade técnica: certificado do Esquema Nacional de Seguridade, utiliza a última tecnoloxía en sistemas antispam e antiphishing

Conta profesional de alta capacidade:

- Caixa de almacenamento de 50 Gb
- 1 TB de almacenamento na nube (OneDrive)
- Xestión profesional de axendas, contactos, tarefas
- Soporte técnico ao usuario
- Interface intuitiva e doada de usar

Máis que un correo, ferramentas de colaboración na nube, desde o teu ordenador, móbil ou tablet:

- Traballa en liña cos teus documentos de Microsoft Office (Word, Excel, PowerPoint) sen necesidade de telo instalado



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2019

- Gárdalos de forma segura na nube con OneDrive. Comparte ficheiros con clientes, outros membros do despacho, o Colexio
- E moito máis (mensaxería instantánea, videoconferencias, reunións en Internet...)

Os colexiados e colexiadas, tanto exercentes coma non exercentes, que desexen solicitar unha conta de correo do Colexio deberán dirixirse á seguinte ligazón: <https://www.icasantiago.org/contas-de-correo-icas/> e cubrir a solicitude.

Unha vez enviada a solicitude, recibirase un correo electrónico, desde a conta postmaster@icasantiago.org, no enderezo de correo alternativo (necesario para realizar a solicitude), cos datos da conta de correo, o contrasinal temporal e o enderezo da páxina web á que haberá que dirixirse para activar a conta introducindo os datos da conta de correo e o contrasinal temporal enviado.

Achégase unha breve guía (PDF) sobre a creación destas contas.

3. VII CONGRESO SOBRE PREVENCIÓN E REPRESIÓN DO BRANQUEO DE DIÑEIRO: REFORMAS DE 2018. ECONOMÍA. SOCIEDADE E CULTURA DIXITAIS

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) organiza este congreso, que se levará a cabo os días 18 e 19 de xullo en Santiago de Compostela.

Días: 18 e 19 de xullo

Horario: sesións de mañá e tarde (consultar horarios en programa anexo)

Lugar: salón de actos da EGAP (rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela)

Inscripción: na web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/matricula/>) ata as 23.55 h do 16 de xullo

Achégase o programa completo (PDF)



4. CURSO DE VIOLENCIA DE XÉNERO: sesións aprazadas, o 18 de xullo

Confirmámosvos que as sesións que estaban pendentes do Curso de violencia de xénero terán lugar o xoves, 18 de xullo, de 19.00 a 21.30 h.

Día: xoves, 18 de xullo

Lugar: salón de graos da facultade de dereito

19.00 – 20.00 h: “Aspectos xerais da violencia de xénero” (Begoña Riveira Barros, avogada e asesora xurídica do CIM dos concellos de Arzúa e Coirós) (1ª sesión, que estaba programada para o 21 de maio)

20.00 – 21.30 h: “Taller práctico de violencia de xénero” (a cargo de fiscal e avogados/as especializados) (última sesión, que estaba prevista para o 25 de xuño)